- **Presidencia**, elixida polo Pleno, por maioría absoluta do número legal dos membros do consorcio.
- **Vicepresidencia**, elixida polo Pleno, por maioría absoluta do número legal dos membros do consorcio.
- **Consello Asesor**, integrado por:
 - * Presidencia: titular da Presidencia do Consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
 - * Vicepresidente: titular da Vicepresidencia do Consorcio ou membro do pleno en quen delegue.
 - * O/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue, en representación de cada concello onde se instalen os parques ou subparques que se integran no Consorcio.
 - * Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencia en materia de atención ás emerxencias.
 - * Dous representantes da Deputación Provincial de Pontevedra designados pola súa Presidencia.
- Xerencia coa condición de persoal directivo.
- Funcionario/a con habilitación de carácter estatal.
- **Comisión Especial de Contas**, integrada por:
 - * Presidenta/e: presidenta/e do Consorcio, suplente deputado provincial.
 - * Vocais:
Representante da Deputación Provincial e suplente
Representante da Xunta de Galicia e suplente

1.7 O número medio de empregados no exercicio 2023:

CONCEPTO	Nº MEDIO
FUNCIONARIA DE HABILITACIÓN ESTATAL	
Secretaria-interventora (En réxime de acumulación de funcións)	1
PERSONAL LABORAL ALTA DIRECCIÓN	
Xerente (Contrato laboral de carácter especial de alta dirección ao amparo do previsto no Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección)	1
PERSONAL OPERATIVO	
Persoal laboral (indefinido non fixo/interinidade e temporal por substitución): 78	78

2. Xestión do servizo público de intervención en emerxencias:



Segundo se establece no artigo 5º.2 dos seus Estatutos, constitúe o obxecto do consorcio a execución das competencias de **servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento**, que se lles atribúe na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación e, de ser o caso, a creación dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo, por calquera das modalidades de xestión prevista na lexislación.

2.1. Xestión directa.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria e urxente, de data 8 de abril de 2021, acorda:

1º.- A inadmisión das alegacións contidas no escrito de alegacións presentado por D. Roberto Jorge Correa, nº de rexistro 2021-E-RE-7, de data 01-03-2021, en base ao informe emitido pola secretaria-interventora con data 29 de marzo de 2021, que obra no expediente.

2º.- Aprobar con carácter definitivo a "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", subscrita, na reunión de data 08-01-2021, pola Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta á xestión directa; coas correccións sinaladas na Mesa de negociación, na reunión de de data 15 de xaneiro de 2021 e coa corrección sinalada no seo da sesión do Pleno de data 2 de febreiro de 2021, de toma en consideración e aprobación inicial; quedando determinado como forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio máis sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a xestión directa mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal de acordo co disposto na Memoria e nos termos que na mesma se recollen.

3º.- En consonancia co anterior, a subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo, segundo figura no texto e no ANEXO I da "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", coas condicións laborais que viñan gozando a 21 de maio de 2020, data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa. Quedando condicionado o presente acordo á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito (baixa por anulación-concesión de crédito extraordinario-suplemento de crédito 1/2021) e do cadro de persoal 2021 e será de aplicación a partir do día 1 de xuño de 2021, desde o día seguinte ao do vencemento da concesión.

4º.- Publicar este acordo para xeral coñecemento, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web do Consorcio."

O día 31 de maio de 2021, publícase a aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito: Baixa por anulación-concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito n.º 1/2021 e do Cadro de Persoal e retribucións, tramitado aos efectos de adaptar a estrutura orzamentaria ao modelo de xestión directa do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio, mediante a prestación directa con efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se



aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal.

A Presidencia mediante Resolución de data 30-05-2021, RESOLVE:

"1º.- Dar por rematado, con data 31 de maio de 2021, o contrato suscrito, con data 26 de abril de 2013, coa empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. (CIF A80173115) da xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo público de intervención en emerxencias dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento; sen prexuízo da continuidade do procedemento de reversión en tramitación, ao abeiro cláusula Trixésimo primeira do Prego de Clausulas Administrativas que rexe neste contrato en concordancia co artigo 283 do Real Decreto Lexislativo3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Iniciar, con data 1 de xuño de 2021, a xestión directa do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo, segundo figura no texto e no ANEXO I da "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", coas condicións laborais que viñan gozando a 21 de maio de 2020, data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa, causando alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social no código de conta de cotización do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento con data 1 de xuño de 2021".

2.2. Liquidación do contrato de xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo público de intervención en emerxencias dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, suscrito, con data 26 de abril de 2013, coa empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A..

Con data 26 de febreiro de 2021, n.º de rexistro de saída 2021-S-RE-10, o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento comunica á empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A. o remate do contrato, o día 31 de maio de 2021, da xestión indirecta mediante concesión do servizo de intervención en emerxencias que o Consorcio tiña suscrito con esta empresa; co inicio do proceso de reversión do servizo e a axenda de visitas previstas por parte do persoal técnico para iniciar os traballos de comprobación dos inmobles, vehículos e equipamento técnico postos a disposición da empresa concesionaria, para a súa constancia e, si o consideraban oportuno, a comparecencia dalgún representante nestas visitas.

Con data 22 de novembro de 2021, n.º de rexistro de saída 2021-S-RE-147, o



Consortio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento da traslado á empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A. do informe elaborado por D. Eugenio Marcote Carballo, enxeñeiro-xefe do Servizo de Cooperación, D. Isaac Gómez Piñeiro, xefe da Área Técnica do Servizo Provincial de Emerxencias da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de Pontevedra e D. Roberto Jorge Correa, xerente do Consorcio Provincial de Pontevedra, en virtude das visitas de inspección levadas a cabo nos parques de bombeiros de Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Bueu e O Porriño e segundo se sinala na cláusula Trixésimo primeira do Prego de Clausulas Administrativas que rexe esta contratación e no que se detalla o estado das edificacións e instalacións dos parques e se especifican as deficiencias respecto de cada un deles, a proposta de medidas correctoras e unha estimación da valoración económica da enmenda das deficiencias detectadas nos parques de bombeiros, que ascende a:

TABLA DE CUSTO GLOBAL	
Coste inmuebles	78.747,41 €
Coste vehículos, maquinaria e equipos	26.252,59 €
Total (IVE incluído)	105.000,00 €

A vez que se requiría á empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A. MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A., para que no prazo de dez días:

- formulara programa de execución detallada cunha orde de actuacións precisas para subsanar as deficiencias detectadas, que resulten acorde coa continuidade da prestación do servizo.
- aceptara a valoración da enmenda das deficiencias detectadas, para que as mesmas sexan executadas polo Consorcio a conta da concesionaria.
- de resultar discrepancias co mesmo, alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Sen que chegara a formular proposta ou alegacións.

Asumidas, paulatinamente, polo Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento as diferentes prestacións necesarias para o normal funcionamento do servizo de intervencións en emerxencias, que viñeron sendo prestadas por esta empresa con carácter transitorio, e para os efectos de proceder a liquidación do devandito contrato, requireuse á empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A. para que a maior brevidade posible se manifestase en relación co anterior requirimento e a súa vez acheguase a documentación acreditativa do custo das prestacións realizadas neste período transitorio e a súa valoración.



Con data de rexistro de entrada 14-02-2023, n.º 2023-E-RE-26, a empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A., presenta liquidación de gastos á que achega documentos xustificativos dos mesmos; contificando os custos das diferentes prestacións necesarias para o normal funcionamento do servizo de intervencións en emerxencias que viñeron sendo prestadas por ésta, con carácter transitorio, no período transcorrido desde o remate do contrato de concesión daxestión do servizo de intervención 31 de maio de 2021 ata 09-02-2023, en 145.324,19 €, IVE incluído.

O xerente do Consorcio e o enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación emiten informe conxunto no que conclúen

*"Á vista do exposto, infórmase favorablemente o pago a favor da empresa MATINSA do importe de **145.324,19 euros**, en concepto de liquidación do contrato de xestión indirecta do servizo de intervención en emerxencias dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no período transitorio comprendido entre o 1 de xuño de 2021 e o 9 de febreiro de 2023."*

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 27 de abril de 2023, acorda:

"1º.- Dar por revertido no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento as instalacións e demais inmobles, así como os bens, vehículos, equipos, e canto se puxo a súa disposición e baixo a súa responsabilidade ao inicio ou ao longo da prestación, incluíndo os ofertados como melloras (un vehículo de extinción autobomba pesada Man, matrícula 6055HVVH, e dous equipos de excarceración).

2º.- Aprobala presente liquidación do contrato de xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo público de intervención en emerxencias dependente deste Consorcio formalizado coa empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A., da que resulta:

- Un saldo a favor do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento que ascende a 105.000,00 €, IVE incluído, en concepto de valoración económica da enmenda das deficiencias detectadas nas instalacións, bens, vehículos e equipos postos a disposición nos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio para a prestación do servizo de intervencións en emerxencias.

- Un saldo a favor da empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A. que ascende a 145.324,19 €, IVE incluído, en concepto de custos das prestacións realizadas, con carácter transitorio, no período transcorrido desde o remate do contrato de concesión da xestión do servizo de intervención 31 de maio de 2021 ata 09-02-2023.

Quedando pendente de cuantificar a partir desta data o consumo de enerxía eléctrica do parque de bombeiros de Ribadumia, que será liquidado pola empresa Mantenimiento de Infraestructuras S.A. ao Consorcio Provincial no intre de asumir éste a correspondente facturación.

3º.- O presente acordo non supón dar por saldadas as responsabilidades que se poidan ter derivado ou derivar da xestión do servizo de intervención en emerxencias para a empresa Mantenimiento de Infraestructuras, S.A., durante o período de duración do contrato no seu día formalizado.

4º.- Proceder a realizar a correspondente acta de finalización.

5º.- Notificar o presente acordo á empresa Mantenimiento de Infraestructuras S.A."



3. Bases de presentación das contas

3.1.- Imaxe fiel

a) Estas contas anuais obtivéronse dos rexistros contables do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento preséntanse de acordo coas normas contidas na orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución de Contabilidade Local, Modelo Normal, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da Entidade.

b) Para efectos de elaboración das contas anuais, seguíronse tanto os principios contables de carácter económico patrimonial, como os principios contables de carácter orzamentario e as normas de contabilidade xeralmente aceptados establecidos no Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local, sendo os máis relevantes os seguintes:

A contabilidade da entidade se desenvolverá aplicando os principios contables de carácter económico patrimonial que se indican a continuación:

_ Xestión continuada.

_ Devengo. As transaccións e outros feitos económicos se recoñecen en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, e non no momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada de aqueles. Os elementos recoñecidos de acordo con este principio son activos, pasivos, patrimonio neto, ingresos e gastos.

Se non pode identificarse claramente a corrente real de bens e servizos se recoñecen os gastos ou os ingresos, ou o elemento que corresponda, cando se produzan as variacións de activos ou pasivos que lles afecten.

_ Uniformidade.

Se procede a alteración xustificada dos criterios utilizados, dita circunstancia farase constar na memoria, indicando a incidencia cuantitativa e cualitativa da variación sobre as contas anuais.

_ Prudencia. Mantendo certo grado de precaución nos xuízos dos que se derivan estimacións baixo condicións de incerteza, de tal maneira que os activos ou os ingresos non se sobrevaloren, e que as obrigas ou os gastos non se infravaloren. Pero, ademais, o exercicio da prudencia non supón a minusvaloración de activos ou ingresos nin a sobrevaloración de obrigas ou gastos, realizados de forma intencionada, xa que elo privaría de neutralidade a información, supoñendo un menoscabo a súa fiabilidade.

_ Non compensación. Non se compensan as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico patrimonial ou o estado de cambios no patrimonio neto, e valóranse separadamente os elementos



integrantes das contas anuais, salvo aqueles casos nos que de forma excepcional así se regule.

_ Importancia relativa. A aplicación dos principios e criterios contables, esta presidida pola consideración da importancia en termos relativos que os mesmos e os seus efectos puideran presentar. Por conseguinte, poderá ser admisible a no aplicación estrita de algún deles, sempre e cando a importancia relativa en termos cuantitativos ou cualitativos da variación constatada sexa escasamente significativa e non altere, polo tanto, a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados do suxeito económico. As partidas ou importes cuxa importancia relativa sexa escasamente significativa poderán aparecer agrupados con outros de similar natureza ou función. A aplicación deste principio non poderá implicar en caso algún a transgresión de normas legais.

Nos casos de conflito entre os anteriores principios contables prevalecerá o que mellor conduza a que as contas anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e do resultado económico patrimonial da entidade.

Tamén se aplicarán os principios contables de carácter orzamentario recollidos na normativa orzamentaria aplicable, e en especial os seguintes:

_ Principio de imputación orzamentaria. A imputación das operacións que deban aplicarse ós orzamentos de gastos e ingresos faise de acordo cos seguintes criterios:

Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica e, no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir.

As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións o gastos, en xeral, impútanse ao orzamento do exercicio no que estes se realicen e con cargo aos respectivos créditos; os dereitos imputaranse ao orzamento do exercicio no que se recoñezan ou liquiden.

_ Principio de desafectación. Con carácter xeral, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos de dita natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros. No suposto de que determinados gastos orzamentarios se financien con ingresos orzamentarios específicos a eles afectados, o sistema contable deberá reflectir esta circunstancia e permitir o seu seguimento.

3.2.- Comparación da información

Realízase a comparación entre os datos do exercicio 2021 e os do exercicio 2022.

4. Normas de valoración

As normas de valoración seguidas na elaboración das contas anuais, así como na confección da contabilidade foron as desenvolvidas na parte segunda do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local no seu modelo normal. Ditas



normas aparecen concretadas en cada un dos seguintes epígrafes da memoria.

5. Inmovilizado material

O movemento do inmovilizado material para o que utilizamos o método do custo recóllese non cadro MEM05Coste_13 que forma parte do Anexo que se xunta a esta memoria.

O inmovilizado material valorase en función do seu custo de adquisición, aplicando o método de amortización lineal en función da vida útil de cada clase de inmovilizado material do que se trate.

Os coeficientes de amortización e vida útil de cada un dos tipos de inmovilizado que posúe o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento reflíctense na seguinte táboa:

TIPO IMOBILIZADO MATERIAL	CONTA CONTABLE	VIDA ÚTIL	COEFICIENTES AMORTIZACIÓN	AMORTIZACIÓNS DO EXERCICIO
Construcións	211	50 anos	3%	34.809,00
Maquinaria e utillaxe	214	8,33 anos	10%	99.521,00
Instalacións técnicas y outras instalacións	215	10 anos	12%	758,00
Mobiliario	216	10 anos	10%	6.404,00
Equipos para procesos de información	217	4 anos	25%	8,00
Elementos de transporte	218	6,25 anos	16%	159.991,00
TOTAL				301.491,00

6. Patrimonio público do solo

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten patrimonio público do solo.

7. Inversións inmobiliarias

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non realizou inversións inmobiliarias.

8. Inmovilizado intanxible

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non adquiriu inmovilizado intanxible.

9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra



Incendios e Salvamento non realizou ningún arrendamento financeiro ou operacións similares.

10. Activos financeiros.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten activos financeiros.

11. Pasivos financeiros.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten Pasivos financeiros.

12. Coberturas contables.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non realizou operacións de cobertura contable ao longo deste exercicio.

13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.

Non se construíron ou adquiriron activos para outras entidades e outras existencias

14. Moeda estranxeira.

Non se realizaron transaccións en moeda estranxeiro durante este exercicio.

15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos

A Información sobre transferencias e subvencións recibidas recollese no punto G.15.1 que se achega como anexo a esta memoria.

CARACTERÍSTICAS	IMPORTE RECIBIDO		IMPORTE REINTEGABLE	IMPORTE NO REINTEGABLE	CANTIDAD IMPUTADA A RESULTADOS	
	Exerizo corrente	Exercicio pechado			Exercicio corrente	Exercicio pechado
Xunta de Galicia	963.500,00	0,00	0,00	963.500,00	963.500,00	0,00
Deputación Provincial	963.500,00	0,00	0,00	963.500,00	963.500,00	0,00
TOTAL	1.927.000,00	0,00	0,00	1.927.000,00	1.927.000,00	0,00

E a información sobre transferencias e subvencións concedidas recóllese no punto G.15.2 que se achega como anexo a esta memoria, cuxo saldo e 8.000,00 € correspondente ás seguintes cotas anuais, como entidade asociada, á Asociación de Consorcios y Servicios de Bomberos de España (CONBE):

COTAS	IMPORTES
-------	----------



2020	1.500,00
2021	1.500,00
2023	5.000,00
TOTAL	8.000,00

16. Provisións e continxencias.

Non se recoñeceron provisións no Balance durante este exercicio.

17. Información sobre medio ambiente.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten información sobre medio ambiente.

18. Activos en estado de venta.

Non dispón de ningún activo en estado de venta.

19. Presentación por actividades da conta del resultado económico patrimonial.

A información deste punto recóllese no cadro MEM19_15 "Presentación por actividades da conta del resultado económico patrimonial" que se achega como anexo desta Memoria.

20. Operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non xestiona recursos doutros entes.

21. Operacións non orzamentarias de tesourería.

A información deste punto recóllese nos cadros MEM16A_04 "Debedores", MEM16B_04 "Acredores", MEM16C_04 "Partidas pendentes de aplicación. Ingresos", MEM16D_04 "Partidas pendentes de aplicación. Gastos", que se achega como anexo a esta memoria.

22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.

22.1. Contratación administrativa 2023.

SERVIZOS:

1* Descrición: Servizo de diagnose de alerxia a himenópteros

Expediente: 49/2023

Procedemento: Contrato menor de servizos

Valor estimado: 13.376,00 €.



Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0029 de data 14-04-2023.
Adxudicatario: ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.(CIF B98844574)
Importe de adxudicación sen IVE: 12.540,00 €

2* Descrición: Servizo de formación de persoal de novo ingreso

Expediente: 112/2023

Procedemento: Contrato menor de servizos

Valor estimado: 15.000,00 €.

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0076 de data 04-07-2023.

Adxudicatario: SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. (CIF A36715217)

Importe de adxudicación sen IVE: 14.990,00 €

3* Descrición: Revisión anual dos equipos de excarcelación.

Expediente: 170/2023

Procedemento: Contrato menor de servizos

Valor estimado: 11.000,00 €.

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0082 de data 07/08/2023.

Adxudicatario: INCIPRESA,S.A.U. (CIF A36633600)

Importe de adxudicación sen IVE: 8.959,96 €

4* Descrición: Servizo de prevención alleo (dúas anualidades)

Expediente: 82/2023

Procedemento: Aberto simplificado abreviado

Valor estimado total: 14.612,00 €

- Prevenición de riscos: 6.000,00 €.

- Recoñecementos méritos: 38,00€/Ud.

- Vixiancia da saúde: 2.000,00 €

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0087 de data 11-08-2023.

Adxudicatario: CUALTIS, S.L.U. (CIF B84527977)

Importe máximo de adxudicación sen IVE: 14.612,00 €

- Prevenición de riscos: 5.500,00 €.

- Recoñecementos méritos: 37,50 €/Ud.

- Vixiancia da saúde: 1.000,00 €

5* Descrición: Servizo mantemento correctivo do camión-autoescaleira, METZ DLK-30PLC-III

Expediente: 96/2023

Procedemento: Contrato menor de servizos

Valor estimado: 5.500,00 €.

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2021-0096 de data 01-09-2022.

Adxudicatario: Rosenbauer Española, S.A. (CIF A28859833)

Importe de adxudicación sen IVE: 5.250,00 €

6* Descrición: Servizo de impartición dos cursos do programa de formación anual

Expediente: 155/2023

Procedemento: Aberto simplificado abreviado varios criterios de adxudicación

Valor estimado total: 48.000,00 €.

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0107 de data 03-10-2023.

Adxudicatario: SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. (CIF A36715217)

Importe de adxudicación sen IVE: 47.308,00 €

7* Descrición: Servizo de xestión e asesoría laboral (dúas anualidades)

Expediente: 80/2023



Procedemento: Aberto simplificado abreviado varios criterios de adxudicación
Valor estimado total: 24.000,00 €.
Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0131 de data 15-12-2023.
Adxudicatario: MULTIGESTIÓN ASES, S.L. (CIF B24348096)
Importe de adxudicación sen IVE: 11.640,00 €

22.2. Contratos privados 2023.

1* Descrición: Póliza de seguro (Ramo automóvil) para o vehículo Mercedes Actros 2540 Diesel, matrícula 4137LNH

Expediente: 76/2023

Procedemento: Contrato menor

Valor estimado do contrato: 9.000,00 €

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0048, de data 19-05-2023

Prima anual: 9.000,00 €

Adxudicatario: HELVETIA COMPAÑIA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS

2* Descrición: Póliza de seguro obrigatorio de accidentes de traballo vinculado á actividade do Consorcio

Expediente: 87/2023

Procedemento: Contrato BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

Valor estimado do contrato: 12.999,43 €

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0053, de data 29-05-2023

Prima anual: 12.999,43 €

Adxudicatario: MARKEL INSURANCE SUCURSAL EN ESPAÑA.

3*Descrición: Póliza de seguro de danos materiais.

Expediente: 86/2023

Procedemento: Contrato BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

Valor estimado: 1.605,51 €

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0054 de data 29-05-2023

Prima anual: 1.605,21 €.

Adxudicatario: BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

4*Descrición: Póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial.

Expediente: 84/2023

Procedemento: Contrato BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

Valor estimado: 7.914,30 €

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0055 de data 29-05-2023

Prima anual: 7.914,30 €.

Adxudicatario: ALLIANZ CIA SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

5*Descrición: Póliza de seguro de flota.

Expediente: 89/2023

Procedemento: Contrato menor

Valor estimado: 14.900,09 €.

Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2023-0066 de data 22-06-2023

Prima anual: 10.720,24 €

Adxudicatario: HELVETIA COMPAÑIA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y

16



REASEGUROS

TIPO DE CONTRATO	PROCEDEMENTO ABERTO			OUTROS PROCEDEMENTOS (CONTRATOS BASEADOS)		CONTRATATO MENOR		TOTAL	
	MULTIPLI CRITERIO N° /IMPORTE	ÚNICO CRITERIO	N°	IMPORTE	N°	IMPORTE	N°	IMPORTE	
OBRAS	0	0	0	0	0	0	0	0	0
SUBMINISTR	0	0	0	0	0	0	0	0	0
SERVIZOS	3	73.560,00	0	0	0	4	41.739,96	7	115.299,96
OUTROS	0	0	0	3	22.519,13	2	19.720,24	5	42.239,37
TOTAL	3	73.560,00	0	3	22.519,13	6	61.460,20		157.539,33

22.3. Prórroga de contratos administrativos 2023.

1* Descripción: Tarjetas para reportaxe de combustible e dispositivos de telepeaxe
Exp. 62/2022

Procedemento: Aberto simplificado varios criterios de adjudicación (Prezo unitario)
Valor estimado 2 anualidades: 117.892,00 €, IVE non incluído.

Data de adjudicación: Resolución da Presidencia nº 2022-0102, de data 23-09-2022
Adjudicatario: SOLRED, S.A. (CIF A79707345)

Prórroga de contrato: Resolución da Presidencia nº 2023-0110, de data 25-10-2023
Importe de adjudicación máximo 2 anualidades sen IVE: 117.892,00 €.
Importe máximo de adjudicación 2º anualidade sen IVE: 88.976,00 €

2* Descripción: Subministro de gasoleo de calefacción tipo C
Exp. 142/2022

Procedemento: Aberto simplificado varios criterios (Prezo unitario)
Valor estimado 2 anualidades: 85.200,00 €, IVE non incluído.

Data de adjudicación: Resolución da Presidencia nº 2022-0141, de data 29-12-2022
Adjudicatario: ESERGUI DISTESER,S.L. (CIF 95799664)

Prórroga de contrato: Resolución da Presidencia nº 2023-013, de data 28-12-2023
Importe de adjudicación máximo 2 anualidades sen IVE: 85.200,00 €.
Importe máximo de adjudicación 2º anualidade sen IVE: 42.600,00 €

3* Descripción: Licenza de software de xestión intergral de parques
Exp. 75/2020

Procedemento: Aberto simplificado varios criterios
Valor estimado 3 anualidades: 55.500.000,00 €, IVE non incluído.

Data de adjudicación: Resolución da Presidencia nº 2021-0078, de data 04-10-2021
Adjudicatario: CONSULTORÍA INFORMATICA Y TECNOLOGÍA DEL NOROESTE, S.L. (CIF B94115177)

Importe de adjudicación tres anualidades sen IVE: 50.478,00 €.
Prórroga de contrato: Resolución da Presidencia nº 2023-112, de data 26-10-2023

23. Valores recibidos en depósito.

A información sobre valores recibidos en depósito aparece recollida no cadro MEM18_04 dos anexos desta memoria.

24. Información orzamentaria.



24.1. Exercicio corrente

1. Orzamento de gastos

a. Modificacións de crédito

A información sobre modificacións de crédito aparece no Cadro MEM201A1_04 do anexo que se xunta á memoria.

b. Remanentes de crédito

A información sobre remanente de crédito aparece no Cadro MEM201A2_04 do anexo que se xunta á memoria.

c. Acredores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento.

Non hai acredores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento.

Cadro MEM2411CR do anexo que se xunta á memoria.

2. Orzamento de ingresos

a. Proceso de xestión

a.1. Dereitos anulados

A información sobre dereitos aparece no Cadro MEM201B1ANU-04 do anexo que se xunta á memoria.

a.2. Dereitos cancelados

Non se cancelou ningún dereito durante este exercicio. Cadro MEM201B1CAN-04 do anexo que se xunta á memoria.

a.3. Recadación neta

A recadación neta aparece detallada no cadro MEM201B1NETO que se acompaña como anexo a esta memoria.

b. Devolución de ingresos

A información sobre devolución de ingresos aparece detallada no Cadro MEM201B2-04 que se acompaña como anexo a esta memoria. No exercicio 2021 non se efectuaron devolucións de ingresos.

c. Compromisos de ingresos

Recóllense no cadro MEM201B3_04 dos anexos que acompañan a esta memoria.

24.2. Exercicios pechados

Non hai obrigas pendentes de pago con cargo a orzamentos pechados. Cadro MEM202A-04 que se acompaña como anexo a esta memoria

Dereitos pendentes de cobro recóllense no cadro MEM2422A.

Non hai dereitos anulado ou cancelados con cargo a orzamentos pechados.

24.3. Exercicios posteriores

*** Compromisos de gastos con cargo a exercicios posteriores:**

- Subministro dunha licenza de software de "XESTIÓN INTEGRAL DE PARQUES", duración 18



1 ano prorrogable por dous máis ata un máximo de tres. (Exp. 75/2020).

Contrato prorrogado mediante Resolución da Presidencia nº 2023-0112, de data 26-10-2023.

- Subministro de tarxetas para repostaxe de tarxetas para repostaxe de combustibles e dispositivos telepeaxe, duración 1 ano prorrogable outro máis. (Exp. 66/2022)

Contrato prorrogado mediante Resolución da Presidencia nº 2023-0110, de data 25-10-2023.

- Subministro de gasoleo de calefacción tipo C, duración 1 ano prorrogable outro máis. (Exp. 142/2022)

Contrato prorrogado mediante Resolución da Presidencia nº 2023-013, de data 28-12-2023.

- Servizo de prevención de riscos laborais e vixiancia da saúde, duración 1 ano prorrogable por outro máis. (Exp. 82/2023).

Contrato adxudicado mediante Resolución da Presidencia nº 2023-087, de data 11-08-2023.

- Servizo de xestión e asesoría laboral, duración 1 ano prorrogable por outro máis. (Exp. 80/2023).

Contrato adxudicado mediante Resolución da Presidencia nº 2023-0131, de data 15-12-2023.

*** Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos posteriores**, os previstos no artigo 23 dos Estatutos aprobados mediante o DECRETO 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

24.4. Execución de proxectos de gasto

1. Resumen de execución Cadro MEM201A3 dos anexos que se achega con esta memoria.

2. Anualidades pendentes Cadro MEM2442 dos anexos que acompañan esta memoria.

24.5. Gastos con financiamento afectado

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra



Incendios e Salvamento non incorreu en gastos con financiamento afectado. Cadro MEM245.

24.6. Remanente de Tesourería

Remanente de Tesourería: Recollese no cadro RMTTES dos anexos desta memoria.

Acta de arqueo: Incorpórase acta de arqueo metálico a 31-12-2023 AARQ_ICAL2015 asinada pola presidenta, secretaria-interventora e tesoureira e **certificación bancaria** do saldo a 31-12-2023 na conta 2080 5401 56 3110189890 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

25. Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios

Os cálculos dos Indicadores económicos aparecen detallados no cadro MEM25 dos anexos que se achegan a memoria.

26. Información sobre o custo das actividades

Inclúese a información sobre o custo da única actividade que realiza o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (intervención en emerxencias)

1. RESUMEN XERAL DE CUSTOS DA ORGANIZACIÓN

ELEMENTOS		%
COSTES DE PERSOAL	2.736.925,42	72,97
Sueldos e salarios	2.160.804,87	57,61
Indemnizacións	0,00	0,00
Cotizacións sociais a cargo do empregador	544.430,63	14,51
Outros costes sociais	13.639,43	0,36
Indemnizacións por razón do servizo	15.058,80	0,40
Transporte de persoal	2.991,69	0,08
ADQUISICIÓN DE BENS E SERVIZOS	173.779,71	4,63
Custo de materiais de reprografía e imprenta	2.124,95	0,06
Custo de outros materiais	150.596,17	4,01
Adquisición de bens de investimento	21.058,59	0,56
Traballos realizados por outras entidades	0,00	0,00
SERVIZOS EXTERIORES	523.139,24	13,95
Custos de investigación e desenvolvemento do exercicio	0,00	0,00
Arrendamentos e cánones	0,00	0,00



Reparación e conservación	197.660,48	5,27
Servizos de profesionais independentes	29.072,35	0,78
Transportes	0,00	0,00
Servizos bancarios ou similares	332,25	0,01
Publicidade, propaganda e relacións públicas	0,00	0,00
Subministros	0,00	0,00
Comunicacións	28.849,64	0,77
Custos diversos	267.224,52	7,12
TRIBUTOS	7.565,91	0,20
CUSTOS CALCULADOS	301.491,00	8,04
Amortizacións	301.491,00	8,04
CUSTOS FINANCEIROS	0,00	0,00
CUSTOS DE TRANSFERENCIAS	8.000,00	0,21
OUTROS CUSTOS	0,00	0,00
TOTAL	3.750.901,28	100,00

Aparecen detallados no cadro MEM261_15

2. RESUMO DE CUSTOS POR ELEMENTOS DA ACTIVIDADE (INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE CONSTITUE O OBXECTO DO CONSORCIO)

ELEMENTOS	COSTE DIRECTO	COSTE INDIRECTO	TOTAL	%
COSTES DE PERSOAL	2.716.314,22	20.611,20	2.736.925,42	72,97
ADQUISICIÓN DE BENS E SERVIZOS	173.496,12	283,59	173.779,21	4,63
SERVIZOS EXTERIORES	481.829,51	41.309,73	523.139,24	13,95
TRIBUTOS	4.371,30	3.194,61	7.565,91	0,20
CUSTOS CALCULADOS	301.491,00	0,00	301.491,00	8,04
CUSTOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00
CUSTOS DE TRANSFERENCIAS	8.000,00	0,00	8.000,00	0,21
OUTROS CUSTOS	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	3.685.502,15	65.399,13	3.750.901,28	100,00

Aparecen detallados no cadro MEM262_15

3. RESUMO DE COSTOS POR ACTIVIDADE (INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS) QUE IMPLICA A OBTENCIÓN DE TAXAS

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento ten como única a actividade a prestación do servizo público de intervención en emerxencias (Prevenición, extinción de incendios e salvamento).



ACTIVIDADE	IMPORTE	%
Intervención en emerxencias	3.750.901,28	100,00
TOTAL	3.750.901,28	100,00

Aparecen detallados no cadro MEM263_15

4. RESUMO RELACIONANDO CUSTES E INGRESOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	CUSTO TOTAL ACTIVIDADE	INGRESOS (Taxas)	MARXE	%
Intervención en emerXencias	3.750.901,28	2.051.285,93	-1.699.615,35	54,69
TOTAL	3.750.901,28	2.051.285,93	-1.699.615,35	54,69

Aparecen detallados no cadro MEM264_15

27. Indicadores de xestión

Os cálculos dos Indicadores xestión aparecen detallados no cadro MEM27 dos anexos que se achegan a memoria.

28. Feitos posteriores ao peche.

- Solicitud regularización e devolución de ingresos en concepto de taxa polo mantemento do servizo contra incendios e salvamento, exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023.

A "Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios AIE", con data de rexistro de entrada no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento 30-11-2023, n.º 2023-E-RE-230, comunica un erro na declaración de primas realizada pola "Gestora por el Consorcio de Compensación de Seguros", que afecta ás compañías ZURICH INSURANCE PLC ESPAÑA, RSA LUXEMBURG, S.A. SUCURSAL ESPAÑA, MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., BANKINTER SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS e SANTANDER GENERALES SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, que supón un saldo a favor da "Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios AIE", por importe de 41.280,30 €; reiterando a devandita comunicación con data de rexistro de entrada 13-12-2023, n.º 2023-E-RE-238, por importe de 41.287,20 €, solicitando por parte do Consorcio



Provincial aclaración con data 20-12-2023 e atopándose pendente de resolución a 31-12-2023.

Con data de rexistro de entrada no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento 16-02-2024, n.º 2023-E-RE-16 ,a "Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios AIE", remite novos cadros aclaratorios que non coinciden cos remitidos nas anteriores comunicacións. polo que se procederá a solicitar nova aclaración.

ANEXOS QUE ACOMPAÑA Á MEMORIA:

Conten os cadros ós que se fan referencia ó longo da toda a memoria

DOCUMENTACIÓN QUE SE UNE Á MEMORIA (REGLA 45.3):

a) Acta de arqueo

b) Certificado da entidade bancaria do saldo existente na mesma a favor do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento referida a 31 de decembro.

c) Período medio de pago a provedores 2023:

Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio operacións pendentes	Importe pagos pendentes	PMP
	XANEIRO	14,2822365306	12.354,85	16,224899548	47.059,05	15,8209960969
	FEBREIRO	31,7325674668	71,658,26	11,0913209683	9.153,21	29,3946114333
	MARZO	16,9382047236	43.937,97	2,2017689503	2.246,53	15,9359802531
	ABRIL	13,3212252990	16.418,85	8,5436782050	13.285,23	11,1844544588
	MAIO	15,4700962089	25.914,44	1,1967344234	9.326,99	11,6925110587
	XUÑO	12,0421313830	202.926,64	0,0000000000	0,00	12,0421313830
	XULLO	0,0000000000	0,00	17,5802605376	49.159,90	17,5802605376
	AGOSTO	16,9455153138	74.264,17	0,0206900127	3.857,90	16,1097171388
	SETEMBRO	20,9424332019	23.709,50	4,6298344598	12.091,32	15,4330384053
	OUTUBRO	21,0896265913	37.881,28	6,1393760626	9.140,02	18,1835906281
	NOVEMBRO	16,4396289239	98.997,49	3,2703030578	18.085,33	14,4054141333
	DECEMBRO	14,1490058675	112.752,07	0,00000000	0,00	14,1490058675

d) Acordos contrarios aos reparos e resumo das principais anomalías en materia de ingresos 2023:

- **Acordos contrarios a reparos: 0**

- **Anomalías en materia de ingresos: 0**

- **Validación:**

Nº de factura	Aplicación	Identificación do acredor		Concepto	Importe
		RAZÓN SOCIAL	CIF		



267	presupostaria 1360.63400	RICARSAT, S.L.	B15902497	SUBMINISTRO E INSTALACION DE PONTE DE LUCES VEHICULOS 6055HVV E 4775FRM	3.721,66 €
-----	------------------------------------	----------------	-----------	---	------------

Nº de factura	Aplicación presupostaria	Identificación do acreedor		Concepto	Importe
		Razón social	CIF		
202319575	920.21600	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A.	A50878842	MANTEMENTO DE PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	5.735,25 €

- Obriga obxecto de recoñecemento extraxudicial:

* Limpeza de parques de bombeiros

"(...) considérase que

a) **Non poden ser considerados gastos menores**, segundo o regulados na Base 27.2.2 e Base 54 das Bases de execución do Orzamento, que considera como gastos de pequena contía ou gasto menores os gastos que non superen os 3.000,00 €, xa que se corresponde con gastos ordinarios de carácter continuado e facturación periódica/mensual que desde o inicio da prestación á actualidade xa está superado este importe.

b) **Non poden ser encadrado na denominación de contrato menor**, xa que a este respecto hai que recordar o sinalado no artigo 29.8 pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, respecto dos contratos menores:

"8. Los contratos menores definidos en el apartado primero del artículo 118 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga."

As prestación obxecto de facturación veñense desenvolvendo cunha duración superior ao ano e periodicidade mensual.

≡ **Cumprimento da finalidade establecida**

A Xerencia conforma a devandita prestación.

Do exame da documentación **CONCLÚESE** que procede tramitar o correspondente expediente de contratación de limpeza dos parques, mediante o procedemento aberto, que dada a contía que pode acadar cunha duración de catro anos, podería ter o carácter de simplificado.

